

## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 13 de xullo de 2022

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 13/07/2022
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 13/07/2022
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
- V. Guías Docentes das Titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:
  - a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
  - b. V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (plan novo)
  - c. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
  - d. V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (plan novo)
  - e. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- VI. Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola: rexistro *R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2022-2023.*

Ábrese a sesión ás 13 horas e 8 minutos, en segunda convocatoria, na AULA DE GRAO da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 15 de xuño 2022.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, as actas das devanditas sesións; estas serán publicadas na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola, de acceso libre:

<http://minaseenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. **Informe da Directora**

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

### **3. Aprobación, se procede, do calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2022-2023.**

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación Organización Académica, quen indica que a proposta inicial foi elaborada pola Delegación de Alumnado pero que tivo que incluír algúns axustes na proposta final (Anexo IV). Insiste sobre todo nos exames que están fora da hora habitual para o seu curso, que aparecen marcados en vermello. Lembra que na convocatoria fin de carreira a táboa está valeira porque a planificación se fará en canto se dispoña dos datos de matrícula, co compromiso de publicala e difundila.

Jesús García sinala a problemática dos exames de xullo programados ás 9:00, xa que é a hora de apertura do centro, e suxire pasalos ás 9:15 ou 9:30. A Directora di que é mellor deixalos como están aínda que o inicio poida retrasarse uns minutos e que se xurde algún problema puntual para algún exame se pode solucionar de xeito individual.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta.

A Directora agradece a María Araújo e á Delegación de Alumnado o traballo realizado.

### **4. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2022-2023.**

A Directora lembra que para cada grao coexisten dous plans de estudos: o plan novo e o plan en extinción. A novidade no próximo curso é a implantación do terceiro curso dos plans novos dos graos, polo que as guías das materias correspondentes parten de cero e moitas delas teñen cambios importantes de contidos. Engade que, a iniciativa das persoas coordinadoras dos graos, se levaron a cabo dúas reunións previas á elaboración destas guías:

- 2 de xuño, sesión de coordinación contidos (María Araújo, Fran Deive, Pablo Eguía e representantes dos departamentos implicados).
- 10 de xuño, sesión informativa sobre a elaboración das guías das materias de 3º curso (María Araújo, Fran Deive e persoas coordinadoras das materias).

Lembra que as guías docentes (Anexo V) se achegaron con antelación e a continuación cede a palabra ás persoas coordinadoras das titulacións para que expoñan as súas valoracións das guías docentes e do proceso de elaboración e supervisión das mesmas.

María Araújo, coordinadora do Grao ERME, comenta o proceso seguido nas dúas titulacións de grao. Salienta as reunións levadas a cabo para facer un axuste de contidos entre as materias “Circuitos e máquinas eléctricas” de segundo curso e “Motores e turbomáquinas térmicas” de terceiro curso, para reducir a carga da materia de segundo. Tamén sinala o compromiso de dedicar as horas de tipo B a prácticas instrumentais ou informáticas e agradece ao profesorado implicado na elaboración das guías de terceiro, tanto pola súa participación nas reunións organizadas como pola adecuación das guías ás indicacións dadas e á memoria de verificación.

A continuación intervén Guillermo García, coordinador de primeiro curso do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, responsable da revisión das guías docentes de esta titulación. Comenta que o proceso de revisión das guías docentes das materias do máster

se centrou en pulir as versións en galego e sinala as principais modificacións introducidas nas guías. Indica que se achegou unha solicitude de materia *English Friendly* pero confirmouse que o programa só admite materias de grao.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías docentes das tres titulacións.

A Directora agradece o traballo realizado polas persoas coordinadoras dos graos e do máster: María Araújo, Francisco Deive e Guillermo García.

## 5. Aprobación, se procede, da asignación de equipamento a laboratorios docentes para o curso académico 2022-2023.

A Directora amosa e comenta as solicitudes achegadas.

Solicitude	Concepto	Coste (€)	IVA (€)	Total (€)
Iago Pozo e María Araújo	Microscopio estereoscopio	6452.00	1354.92	7806.92
Ángeles Domínguez	Espectrofotómetro UV	2840.00	596.40	3436.40
Ana Rodríguez	Placas agitadoras control T <sup>a</sup>	3837.00	805.77	4642.77
Carmen Pérez	Microscopio LCD	899.90	188.98	1088.88
Jose Canosa e Ángeles Domínguez	Software HYSYS	500.00	0.00	500.00
Generosa Fernández e Guillermo García	Software Comsol	800.00	0.00	800.00
María Salomé Álvarez	Fuentes de Alimentación	2321.48	487.51	2808.99
María Araújo	Maletín ensayo equivalente arena	88.00	18.48	106.48
			Total	21190.44
			Dotación	21372.55

Indica que o procedemento de recollida de solicitudes foi desenvolto por Francisco Deive e que se poden atender todas as solicitudes achegadas quedando polo de agora un remanente duns 200€.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

A Directora agradece a Francisco Deive o traballo realizado.

## 6. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora lembra que a documentación relativa a este punto da orde do día foi enviada aos membros da Xunta de Escola previamente (Anexo VII) e indica que se trata do rexistro *R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2022-2023*.

Comenta que é un plan que se aproba anualmente, e que se toma como punto de partida o do curso anterior. Sinala que nas reunións levadas a cabo ao longo do curso con Ángeles Domínguez, coordinadora xeral do PAT-ANEAE e do MEET no centro, e coas persoas titoras foron xurdindo detalles a mellorar no plan. A proposta recolle pequenos axustes nesta liña; ademais, actualizouse a parte relativa ao MEET (mentores, formación...) e os nomes das persoas titoras.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o documento.

## 7. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 29 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a trece de xullo de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

## **ANEXO I**

**Convocatoria de Xunta de Escola do 13/07/2022**

## ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 13/07/2022

## ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 13/07/2022

### Persoal Docente e Investigador

1. Alonso Prieto, Elena
2. Araújo Fernández, María
3. Cabeza Simó, Marta
4. Conde Fontenla, Marcos
5. Eguía Oller, Pablo
6. García Bastante, Fernando
7. García Lomba, Guillermo
8. Giráldez Pérez, Eduardo
9. González Rodríguez, Elena
10. Liz Marzán, Eduardo
11. Mandado Vázquez, Alfonso Modesto
12. Patiño Vilas, David
13. Pérez Pérez, M<sup>a</sup> Carmen
14. Pozo Antonio, José Santiago
15. Saavedra González, Ángeles
16. Taboada Castro, Javier
17. Vijande López, Javier

### Alumnado

18. Casal Barreiro, Alejandro
19. Domínguez Blanco, Santiago
20. Montenegro Vázquez, Iván

### Persoal de Administración e Servizos

21. García Caurel, Jesús
22. Marcote Pereira, M<sup>a</sup> Mayte
23. Romo Pérez, M<sup>a</sup> del Carmen

### Desculparon a súa ausencia

- Alejano Monge, Leandro
- Deive Herva, Francisco Javier
- Diez Ferrer, José Bienvenido
- Domínguez Santiago, Ángeles
- Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
- Goicoechea Castaño, María Iciar
- Rivas Brea, Teresa
- Rodríguez Rodríguez, Ana María
- Vázquez Dorrió, José Benito
- Alonso Pérez, Carmen

## ANEXO III

### Informe da Directora



## ANEXO IV

Calendario de exames das titulacións impartidas na Escola  
de Enxeñaría de Minas e Enerxía

## ANEXO V

### Guías Docentes das Titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:

- a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (plan novo)
- c. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- d. V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (plan novo)
- e. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

## ANEXO VI

Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola:  
Rexistro *R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás  
necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro  
para o curso 2022-2023*